

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 15-2014 DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 10/11/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSÉ CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSÉ LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do numero legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5 REGULADORA SOBRE INCREMENTO DE VALOR DE TERREOS DE NATUREZA URBANA.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<Considerando que a realidade económica dos últimos anos pon de manifesto que a crise económica segue estando profundamente arraigada no noso país. Así o acreditan as taxas de paro do 23,67 por cen segundo a

Enquisa de Poboación Activa do terceiro trimestre de 2014 publicada polo INE o 23 de outubro;a deflación; O descenso do consumo enerxético que pasou de 157,8 millóns de toneladas equivalentes de Petróleo (Mtoe, en adiante) a 136,57 Mtoe no 2013...

Considerando que a ponencia de valores do IBI, publicada no BOP da Coruña, o 20 de xuño de 2014, supuxo unha revisión dos valores catastrais que implicou un aumento nas bases impositivas do imposto.

Visto que a Lei 16/2013, de 29 de outubro, polo que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, impide ás entidades locais con ponencias de valores de 2012 a aplicación de tipos impositivos inferiores aos vixentes no exercicio 2013.

Sendo conscientes do aumento da presión fiscal en xeral, e respecto do IBI en particular, e co fin de minorala propóñense una serie de medidas que pretenden minorar a carga tributaria neste entorno de crise, consistentes nunha bonificación de ata o 10% nos inmobles rústicos e nos urbanos en áreas singularizadas do Concello que teñan unha preeminencia ou vinculación co sector primario e carezan dos servizos de sumidoiro e/ou abastecemento de auga potable, así coma a bonificación dun 5% pola domiciliación dos recibos do IBI. Asímesmo, redúcese o umbral valor catastral dos inmobles para o acceso a bonificación por familia numerosa.

Polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Modificar o artigo 4º e o artigo 6º da ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, e introducir un novo artigo 7º, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo cuarto

1. En virtude do artigo 73.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicaranse unha bonificación do 65% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. En virtude do artigo 73.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os suxeitos pasivos que ostente a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que están empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que o valor catastral do ben inmovible obxecto de bonificación, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 75.000 euros.

b) Que os ingresos brutos da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos seguintes límites

Nº de fillos da unidade familiar	Importe máximo de ingresos brutos
3	25.000,00
4	35.000,00
5	40.000,00

6	45.000,00
7	47.000,00
8	49.000,00
9 ou mais	50.000,00

Considéranse fillos da unidade familiar a efectos desta bonificación os seguintes:

- os menores de idade, salvo que viven independentemente dos pais, coa autorización destes
- os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente ou suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referida a situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que conste os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.

- Copia compulsada das derradeiras declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas o referido importe. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da renda, aportarán certificado de retención ou calquera outro documento que sirva para a determinación dos ingresos brutos.

A bonificación concedida só producirá efectos a partir o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

4. Establécese unha bonificación do 5% da cota íntegra do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana e rústica (exclúense os bens inmoables de características especiais) para todos aqueles contribuintes que tivesen domiciliado o pago do recibo nunha entidade bancaria.

O pago do recibo bonificado farase efectivo dentro da primeira semana do período voluntario de ingreso, dacordo co calendario fiscal aprobado para cada exercicio.

Si o recibo bonificado non fose atendido ao seu vencemento, a bonificación devengará inaplicable, podendo abonarse sen recargo o recibo dentro do período voluntario de ingreso. Unha vez transcorrido o período voluntario de ingreso, sen que este se producese, iniciárase o período executivo.

Os suxeitos pasivos que desexen disfrutar desta bonificación deberán solicitar a domiciliación no impreso normalizado, cunha antelación de a menos dous meses respecto do inicio do período voluntario de ingreso, entendéndose concedida dende a súa presentación, salvo que se solicite extemporaneamente, en cuxo caso a bonificación xurdirá efectos no exercicio inmediatamente posterior.

Admitiranse domiciliacións de recibos en contas cuxo titular non coincida co contribuínte, sempre e cando o titular da mesma asine o modelo normalizado da solicitude de domiciliación, e achegue fotocopia do DNI.

A domiciliación terá vixencia indefinida, agás:

- orde expresa de anulación da domiciliación, comunicada a recadación, a través de modelo normalizado de baixa de domiciliacións.

- cambio de titularidade do inmovible.

- rechazo ou devolución da entidade financeira.

Respecto aos restantes aspectos substantivos das domiciliacións de recibos de tributos de vencemento periódico estarase ao disposto no artigo 21 da ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

5.1. Os bens inmoables de natureza urbana e rústica ubicados nas áreas ou zonas do Concello que, conforme ao establecido na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR, en adiante) e na normativa urbanística municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal gozarán dunha bonificación de ata o 10% sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección.

5.2. A porcentaxe de bonificación será:

a) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo de saneamento: 10%.

b) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable ou do servizo de saneamento: 5%.

Para a aplicación desta bonificación considéranse áreas singularizadas pola súa vinculación con actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, as comprendidas dentro do ámbito das Ordenanzas 5 e 6 das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Rianxo, así coma os bens inmobles incorporados ao Padrón de IBI rústica que con anterioridade á entrada en vigor da nova ponencia de valores se incorporaban como "diseminados" no Padrón de IBI urbana

A carencia dos servizos de abastecemento de auga potable e/ou do servizo de saneamento será informada pola entidade xestora que avaliará se o inmovible respecto do cal se pretende a bonificación é beneficiario dos servizos referidos.

No caso de que constate que o inmovible carece da conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable, a entidade xestora do servizo si mesmo está establecido, enténdéndose a efectos desta bonificación por establecido cando na vía pública á que teña fachada o inmovible exista rede de abastecemento de auga ou cando a esta houbese unha distancia inferior a 100 m.

No caso de que o inmovible careara de conexión á rede municipal de sumidoiros, a entidade xestora verificará, asemade, o disposto no artigo 7.7 do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de Augas Residuais de Galicia.

5.3. A bonificación será de carácter rogado, polo que a súa concesión precisará da solicitude previa do interesado e acto administrativo de recoñecemento expreso.

A vixencia da bonificación será anual, debendo solicitarse en cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación.

5.4. A solicitude de concesión desta bonificación presentarse polo rexistro xeral do Concello, mediante modelo oficial aprobado ao efecto asinado polo obrigado tributario, dentro do primeiro mes natural do exercicio en que se pretenda que xurda efectos, achegando a referencia catastral do inmovible.

5.5. Con carácter previo á resolución da solicitude, incorporaranse ao expediente:

a) un informe do Servizo de Licenzas/urbanismo do Concello, referido á cumprimentación dos requisitos obxectivos da bonificación, concretamente á pertenza ou non do inmovible a algún dos supostos do apartado primeiro do artigo 5.

b) un informe do xestor do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo municipal de saneamento, sobre a carencia de ditos servizos no inmovible de referencia, de acordo co criterio establecido no apartado 1 do presente artigo.

O Departamento de Recadación, recepcionado o informe anterior, vista toda a documentación obrante no expediente, e considerándoas prescricións da Ordenanza Xeral de Recadación do Concello de Rianxo no referente ás bonificación, emitirá informe proposta que elevará ao órgano competente para que dite resolución correspondente.

6. As bonificación ás que fan referencia os apartados 1, 2, 3, 4 e 5 deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para o disfrute de cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente mais dun suposto dos referidos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo, agás as bonificacións reguladas nos apartados 4 e 5 deste artigo que si serán compatibles entre si.

7. Respecto aos restantes aspectos das bonificacións non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

Artigo sexto:

O Concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo, cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal de Rianxo.

Artigo sétimo:

Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias, as cotas do IBI poderán fraccionarse nos termos previstos no artigo 16.2 da Ordenanza Xeral de Recadación de Tributos e Ingresos de Dereito Público do Concello de Rianxo"

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE

ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 06/11/2014, sendo este favorable.

O alcalde comenta a necesidade da nova redacción da frase do penúltimo parágrafo da parte expositiva que non expresaba ben o que se pretendía, elevándo o marxe ata os 125.000€ e así en vez de indicar: *“Asímesmo, redúcese o umbral valor catastral dos inmobles para o acceso a bonificación por familia numerosa.”*, pasaría a dicir: *“Asemade, incrementase a 125.000 euros o valor catastral máximo permitido para o acceso á bonificación por familia numerosa.”* Co mesmo, no apartado 3.a) do artigo 4 o importe de 75.000€ é substituído polo de 125.000€

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza dicindo que congratúlase de que dean un paso na boa dirección porque é o Partido Popular é o que ven defendendo desde fai moito tempo, a necesidade de facer rebaixas de impostos para reactivar a actividade económica. Neste sentido hai que lembrar que as bonificacións que se introducen nestas ordenanzas son posibles gracias as reformas introducidas polo Partido Popular a nivel nacional tanto na Lei de Facendas Locais do 2012 como posteriormente noutras normas no ano 2013. No mesmo sentido o que si temos que pedirle é que o Concello de Rianxo adecúe os seus gastos aos ingresos reais, é dicir, adoptar medidas de disciplina económica para que a baixada dos ingresos non afecte a necesaria estabilidade das contas públicas. Polo tanto o voto do PP ás tres propostas vai ser favorable.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que parécelle ben a conformidade do Partido Popular pero o certo é que a esta situación chégase por causa do Partido Popular. Consider demencial que teñamos que chegar a “castigar” ás familias de Rianxo con incrementos tributarios por medidas legislativas adoptadas polo goberno estatal, que impiden empregar o remanente de tesourería do que se dispón, e co que se poderían facer moitas cousas porque o seguimento orzamentario e contable o permite. Así as cousas, co obxectivo de iniciar o novo exercicio económico con redución e conxelación de impostos municipais, o Goberno Municipal de Rianxo propuxo no Pleno extraordinario celebrado no día de onte 8 medidas nas que, con respecto ao exercicio actual, se aplican rebaixas ou bonificacións no IBI e no ICIO.

Certo é que nalgúns casos o Ministerio de Facenda do Goberno de España obríganos aplicar o incremento do Imposto de Bens Inmobles previsto na revisión catastral e, por medio da lei 16/2013, impedinos a aplicación de tipos impositivos inferiores aos vixentes no exercicio de 2013, prohibíndonos así reducir o tipo impositivo actual para compensar o citado incremento do IBI

Sendo así, articulamos medidas que teñen como prioridade reducir a presión fiscal das familias rianxeiras ao tempo de buscar o fomento da actividade económica e de creación de emprego no concello de Rianxo. E así, con respecto ao IBI presenta catro medidas fiscais con redución da carga fiscal:

1^a) Domiciliación de recibos de pago. Bonificación do 5% da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica para todos aqueles que domicilien o pago do recibo nunha entidade bancaria.

2^a) Carencia de servizos básicos.

- Bonificación do 10% por carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo de saneamento
- Bonificación do 5% por carencia do servizo municipal de abastecemento de auga municipal ou do servizo de saneamento.

Os beneficios fiscais serán de aplicación ós bens de natureza urbana e rústica ubicados en áreas ou zonas singularizadas do concello que teñan vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeira ou forestal e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos.

3ª) Empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria. Bonificación do 65% tanto de obra nova como de rehabilitación na cota íntegra do imposto durante tres períodos impositivos, sempre que nese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva. O inmovible non poderá formar parte do inmovilizado.

4ª) Familias numerosas.

Mantense a Bonificación do 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran os requisitos no importe máximo de ingresos estipulados na ordenanza por número de fillos e o valor catastral do ben inmovible non exceda 125.000€.

Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas mantense a posibilidade do pago fraccionado.

No caso de concorrer simultaneamente máis dun suposto, as bonificacións por domiciliación e por carencia de servizos serán compatibles entre si, nos restantes casos aplicarase a bonificación que resulte máis vantaxosa para o contribuínte.

A vicevoceira do grupo municipal do BNG, D^a. M^a Teresa Sobradelo Iglesias, di que o grupo do BNG aproba as modificacións propostas.

O alcalde di que quixera baixar os tributos municipais, mais na situación actual e coas medidas legislativas existentes as modificacións propostas son as únicas posibles. Agradece o apoio de toda a corporación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto (coa modificación relativa ao artigo 4) a VOTACIÓN, sendo **APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación**, de xeito que o texto é o seguinte:

Primeiro: Modificar o artigo 4º e o artigo 6º da ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, e introducir un novo artigo 7º, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo cuarto

1. En virtude do artigo 73.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicaranse unha bonificación do 65% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmóveis que constituían o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, que se fará mediante

certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. En virtude do artigo 73.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os suxeitos pasivos que ostente a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que estañan empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que o valor catastral do ben inmovible obxecto de bonificación, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 125.000 euros.

b) Que os ingresos brutos da unidade familiar, tendo en conta o número de membros desta, non exceda dos seguintes límites

Nº de fillos da unidade familiar	Importe máximo de ingresos brutos
3	25.000,00
4	35.000,00
5	40.000,00
6	45.000,00
7	47.000,00
8	49.000,00
9 ou mais	50.000,00

Considéranse fillos da unidade familiar a efectos desta bonificación os seguintes:

- os menores de idade, salvo que viven independentemente dos pais, coa autorización destes
- os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente ou suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referida a situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que conste os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.

- Copia compulsada das derradeiras declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas o referido importe. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da renda, aportarán certificado de retención ou calquera outro documento que sirva para a determinación dos ingresos brutos.

A bonificación concedida só producirá efectos a partir o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

4. Establécese unha bonificación do 5% da cota íntegra do imposto sobre bens inmovibles de natureza urbana e rústica (exclúense os bens inmovibles de características especiais) para todos aqueles contribuintes que tivesen domiciliado o pago do recibo nunha entidade bancaria.

O pago do recibo bonificado farase efectivo dentro da primeira semana do período voluntario de ingreso, dacordo co calendario fiscal aprobado para cada exercicio.

Si o recibo bonificado non fose atendido ao seu vencemento, a bonificación devengará inaplicable, podendo abonarse sen recargo o recibo dentro do período voluntario de ingreso. Unha vez transcorrido o período voluntario de ingreso, sen que este se producese, iniciárase o período executivo.

Os suxeitos pasivos que desexen disfrutar desta bonificación deberán solicitar a domiciliación no impreso normalizado, cunha antelación de a menos dous meses respecto do inicio do período voluntario de ingreso, entendéndose concedida dende a súa presentación, salvo que se solicite extemporaneamente, en cuxo caso a bonificación xurdirá efectos no exercicio inmediatamente posterior.

Admitiranse domiciliacións de recibos en contas cuxo titular non coincida co contribuínte, sempre e cando o titular da mesma asine o modelo normalizado da solicitude de domiciliación, e achegue fotocopia do DNI.

A domiciliación terá vixencia indefinida, agás:

- orde expresa de anulación da domiciliación, comunicada a recadación, a través de modelo normalizado de baixa de domiciliacións.

- cambio de titularidade do inmovible.

- rechazo ou devolución da entidade financeira.

Respecto aos restantes aspectos substantivos das domiciliacións de recibos de tributos de vencemento periódico estarase ao disposto no artigo 21 da ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

5.1. Os bens inmoables de natureza urbana e rústica ubicados nas áreas ou zonas do Concello que, conforme ao establecido na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR, en adiante) e na normativa urbanística municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal gozarán dunha bonificación de ata o 10% sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección.

5.2. A porcentaxe de bonificación será:

a) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo de saneamento: 10%.

b) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable ou do servizo de saneamento: 5%.

Para a aplicación desta bonificación considéranse áreas singularizadas pola súa vinculación con actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, as comprendidas dentro do ámbito das Ordenanzas 5 e 6 das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Rianxo, así coma os bens inmoables incorporados ao Padrón de IBI rústica que con anterioridade á entrada en vigor da nova ponencia de valores se incorporaban como "diseminados" no Padrón de IBI urbana

A carencia dos servizos de abastecemento de auga potable e/ou do servizo de saneamento será informada pola entidade xestora que avaliará se o inmovible respecto do cal se pretende a bonificación é beneficiario dos servizos referidos.

No caso de que constate que o inmovible carece da conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable, a entidade xestora do servizo si mesmo está establecido, entendéndose a efectos desta bonificación por establecido cando na vía pública á que teña fachada o inmovible exista rede de abastecemento de auga ou cando a esta houbese unha distancia inferior a 100 m.

No caso de que o inmovible careara de conexión á rede municipal de sumidoiros, a entidade xestora verificará, asemade, o disposto no artigo 7.7 do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de Augas Residuais de Galicia.

5.3. A bonificación será de carácter rogado, polo que a súa concesión precisará da solicitude previa do interesado e acto administrativo de recoñecemento expreso.

A vixencia da bonificación será anual, debendo solicitarse en cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación.

5.4. A solicitude de concesión desta bonificación presentarse polo rexistro xeral do Concello, mediante modelo oficial aprobado ao efecto asinado polo obrigado tributario, dentro do primeiro mes natural do exercicio en que se pretenda que xurda efectos, achegando a referencia catastral do inmovible.

5.5. Con carácter previo á resolución da solicitude, incorporaranse ao expediente:

a) un informe do Servizo de Licenzas/urbanismo do Concello, referido á cumprimentación dos requisitos obxectivos da bonificación, concretamente á pertenza ou non do inmovible a algún dos supostos do apartado primeiro do artigo 5.

b) un informe do xestor do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo municipal de saneamento, sobre a carencia de ditos servizos no inmovible de referencia, de acordo co criterio establecido no apartado 1 do presente artigo.

O Departamento de Recadación, recepcionado o informe anterior, vista toda a documentación obrante no expediente, e considerándoas prescricións da Ordenanza Xeral de Recadación do Concello de Rianxo no referente ás bonificación, emitirá informe proposta que elevará ao órgano competente para que dite resolución correspondente.

6. As bonificación ás que fan referencia os apartados 1, 2, 3, 4 e 5 deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a

acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para o disfrute de cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente mais dun suposto dos referidos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo, agás as bonificacións reguladas nos apartados 4 e 5 deste artigo que sí serán compatibles entre si.

7. Respecto aos restantes aspectos das bonificacións non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

Artigo sexto:

O Concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo, cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal de Rianxo.

Artigo sétimo:

Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias, as cotas do IBI poderán fraccionarse nos termos previstos no artigo 16.2 da Ordenanza Xeral de Recadación de Tributos e Ingresos de Dereito Público do Concello de Rianxo”

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<Considerando as elevadas taxas de desemprego e o importante número de familias en risco de exclusión social, así como a ralentización da actividade do sector da construción coa incidencia que isto supón nas cifras do desemprego.

Considerando a potencialidade que representa o parque Empresarial de Rianxo, en canto instrumento catalizador da xeración de emprego no termo municipal

Considerando a posibilidade de introducir medidas de fomento de apoio á mellora da accesibilidade de vivendas nas que residan minusválidos motrices

Considerando necesaria a posta en valor do rural co fin de evitar o despoboamento de núcleos de poboación tradicionais nos que se basea a estrutura urbanística e sociolóxica do Concello, e de favorecer e fomentar a dinamización económica e social e a rehabilitación e a ocupación das vivendas vacías no rural

Así, introdúcese na regulación do ICIO un paquete de medidas de diversa índole, que abranguen dende a minoración do tipo de gravame aplicable que pasa do 3 por cento ao 2,5 por cento; a bonificación de ata un 95 por cento na cuota do imposto das construcións, instalacións e obras de empresas que se instalen no parque empresarial de Rianxo; a bonificación de ata un 50 por cento da cuota das obras de rehabilitación realizadas en vivendas no solo rústico que sexan destinadas a vivenda habitual e, finalmente bonificación dun 75 por cento das obras de accesibilidade para discapacitados

Considerando a que a Lei 12/2012, de 26 de decembro, introduce no artigo 103 do TR da Lei reguladora das facendas locais, se reforma tamén a xestión do imposto para adecualo á normativa estatal.

Polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Dar nova redacción á ordenanza fiscal número 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras que quedará redactada da seguinte forma:

“Artigo 1º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do Imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, ou para as que se esixa presentación de comunicación previa, se presente ou non, sempre que a expedición da licenza ou a actividade municipal de verificación posterior corresponda ao Concello de Rianxo.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras de modificación ou reforma en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior como as que modifiquen o seu aspecto exterior ou as que incidan en calquera clase de instalacións.

D) Alifaciós e rasantes.

E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.

F) Movementos de terra tales como desmontes, explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de solares ou terreos, vallas e estadas.

G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra ou urbanística ou comunicación previa.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal.

4. Non se entenderán incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións e obras autorizadas en proxectos de urbanización.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, do 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou presente as comunicacións previas ou os que realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 3º. Responsables

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria deste tributo, de acordo co previsto nestes.

Artigo 4º. Exencións

Están exentos do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian a destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de nova inversión como da súa conservación.

Artigo 5º. Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e entendese por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquelas.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material, sempre que a existencia e contía destes conceptos resulten dos respectivos contratos, orzamentos ou documentos acreditativos dos mesmos.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota

1. O tipo de gravame será o 2,5 por 100.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7. Bonificacións

7. 1. Construcións, instalacións e obras declaradas polo pleno de especial interese ou utilidade municipal:

1. As construcións, instalacións e obras enumeradas no apartado 3 deste artigo que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego gozarán dunha bonificación na cota do imposto.

2. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. A bonificación da cuota será:

a) Dun 50% a favor das obras de rehabilitación de vivendas tradicionais ou de singular valor arquitectónico ubicadas en solo clasificado como rústico declaradas de especial interese ou utilidade municipal ou as ubicadas en núcleo rural declaradas de especial interese ou titularidade municipal, sempre e cando o inmovible se destine a vivenda habitual durante un período mínimo de 5 anos dende o remate das obras

A efectos do disfrute desta bonificación, precisarase:

- solicitude do suxeito pasivo do imposto presentada polo rexistro xeral do Concello no momento de solicitar a licenza urbanística, en modelo normalizado que incluíra declaración responsable de que o inmovible se va a destinar a vivenda habitual durante un mínimo de 5 anos dende o remate da obra, achegando o proxecto técnico visado, se fora preciso

- resolución de concesión da licenza de obras ou urbanística

- informe do Departamento de Urbanismo no que se conclúa si o obxecto da obra que consta no expediente pode calificarse de rehabilitación, así como si se trata dunha vivenda ubicada en solo rural ou de núcleo rural, segundo a LOPMR de Galicia e a normativa urbanística municipal en vigor.

Unha vez emitido o dito informe favorable, a solicitude de declaración do especial interese ou utilidade municipal da obra, elevarase ao Pleno. Posteriormente, o órgano competente ditará resolución expresa relativa á concesión ou denegación da bonificación.

O suxeito pasivo quedará obrigado a comunicar ao departamento de Urbanismo do Concello o remate da obra, achegando certificado final de obra, se fora obrigatorio, ou presuposto de execución definitivo, no prazo máximo de 15 días.

O incumprimento sobrevido dalgún dos requisitos esixidos para o disfrute da bonificación, determinará a perda da mesma, e a práctica da correspondente liquidación pola diferenza, sen perxuízo do disposto no artigo 11.

b) De ata un 95 % para construcións, instalacións ou obras executadas no Parque Empresarial de Rianxo declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrir circunstancias sociais e de fomento do emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

<i>Empresas de nova creación (non se considerarán fusionés, absorcións nin cambios de denominacións comerciais) ou traslado de empresas dende outros termos municipais ata o Polígono Empresarial de Rianxo</i>	
<i>Creación de 1 a 4 empregos</i>	<i>20%</i>
<i>Creación de 5 a 10 empregos</i>	<i>35%</i>
<i>Creación de 11 a 25 empregos</i>	<i>50%</i>
<i>Creación de 26 a 50 empregos</i>	<i>65%</i>
<i>Creación de 51 a 100 empregos</i>	<i>75%</i>
<i>Creación de máis de 100 empregos</i>	<i>95%</i>

A declaración de utilidade ou interese municipal corresponderá ao Pleno, e precisará de:

- previa solicitude do suxeito pasivo, mediante instancia en modelo normalizado, no intre de presentar a solicitude para a obtención da licenza de obras ou urbanística
- resolución de concesión da licenza de obras ou urbanística
- Memoria xustificativa do interese ou utilidade municipal, na que constará a creación de novos postos de traballo, confeccionada polo suxeito pasivo

A bonificación, caso de cumprirse os requisitos mencionados, será concedida polo órgano competente, previa declaración da especial utilidade ou interese municipal, condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos durante a lo menos 3 anos, contados a partir da notificación da resolución de concesión da licenza de actividade:

- non ter causado baixa na actividade
- mantemento do nivel de emprego previsto na Memoria, xustificándose este aspecto cos TC1 e TC2 mensuais
- formalización de aval bancario que cubra a cuota bonificada do ICIO, en garantía do pago da bonificación, en caso de incumprimento sobrevido dos requisitos para o seu disfrute

7.2. Bonificacións por mellora do acceso e da habitabilidade dos discapacitados

As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados con mais dun 33% de minusvalía, disfrutarán dunha bonificación do 75% da cuota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes regras:

- Tomará en consideración o presuposto total da obra para o cálculo da cuota, sempre que a obra esté destinada exclusivamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.
- No caso de que as obras estén destinadas á reforma da edificación, comprendendo no presuposto mais partidas, unicamente se computarán para o cálculo da cuota con dereito a bonificación as partidas correspondentes referidas á mellora do acceso e habitabilidade dos discapacitados.

As bonificacións establecidas neste artigo terán carácter rogado, debendo solicitarse xunto coa a presentación da comunicación previa, ou no seu caso, da solicitude da licenza de obra. En todo caso, a solicitude acompañarase á solicitude:

- o presuposto total da obra desglosado na parte que corresponda a obras que favorezan devanditas condicións.
- a acreditación de que na vivenda reside habitualmente a lo menos unha persoa cun grado de minusvalía de mais do 33%
- certificado acreditativo da minusvalía de mais do 33%

No expediente administrativo deberá incorporarse un informe de urbanismo referido á mellora da accesibilidade e/ou habitabilidade do inmovible para o discapacitado, no que se incluírá a proposta de liquidación do ICIO.

Artigo 8º. Devengo

O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza.

Artigo 9º. Xestión

1. Unha vez concedida a licenza, ou, no caso de comunicación previa, trala verificación municipal da adecuación da documentación achegada polo suxeito pasivo, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible:

- a) en función do orzamento visado polo Colexio Oficial correspondente cando fose preceptivo proxecto
- b) en calquera outro suposto, en función dos módulos sinalados no anexo I (obras menores) e no anexo II (obras maiores), que terán en todo caso a consideración de importes mínimos

2. Cando aínda que non se tivese solicitado, concedido ou denegado licenza, ou cando, no caso da comunicación previa, non se tivese verificado a adecuación da documentación presentada polo suxeito pasivo, o suxeito pasivo iniciase a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible con arreglo ao estipulado no apartado primeiro anterior.

3. No caso de que o proxecto de construción, instalación ou obra se modifique, ou de que o orzamento de execución material incrementase o seu importe, os suxeitos pasivos deberán presentar o novo orzamento de execución material ante a administración para que proceda a practicar a correspondente liquidación complementaria.

4. A liquidación será de carácter provisional, ata que se efectúe a comprobación administrativa prevista no artigo 10, ou de que transcorran os prazos de prescrición do dereito da administración a efectuar dita comprobación.

Artigo 10º Comprobación Administrativa

Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo, o Concello, mediante a correspondente comprobación administrativa, modificará a base imponible, practicando a liquidación definitiva e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que proceda.

Artigo 11º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven."

Disposición Final

Esta ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.>>

Segundo. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta

considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 06/11/2014, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza dicindo que congratulase de que dean un paso na boa dirección porque é o Partido Popular é o que ven defendendo desde fai moito tempo, a necesidade de facer rebaixas de impostos para reactivar a actividade económica. Neste sentido hai que lembrar que as bonificacións que se introducen nestas ordenanzas son posibles gracias as reformas introducidas polo Partido Popular a nivel nacional tanto na Lei de Facendas Locais do 2012 como posteriormente noutras normas no ano 2013. No mesmo sentido o que si temos que pedirlle é que o Concello de Rianxo adecúe os seus gastos aos ingresos reais, é dicir, adoptar medidas de disciplina económica para que a baixada dos ingresos non afecte a necesaria estabilidade das contas públicas. Polo tanto o voto do PP ás tres propostas vai ser favorable.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, como concelleiro de Facenda presenta catro medidas ou Incentivos fiscais para a reactivación económica e/ou fomento do emprego, incidindo moi especialmente en aqueles apartados considerados estratéxicos. O Parque Empresarial recibe un incentivo importante así como sector da construción con unha redución xeral no imposto que grava as obras, ademais do 50% de bonificación na rehabilitación de vivendas.

1ª) - Redución do tipo de gravame xeral do ICIO do 3% ao 2,5%

Ó custo real da construción, instalación ou obra aplicarase o 2,5% o que significa unha redución de medio punto na cota do imposto a aplicar en toda licencia de obras ou urbanística que corresponda.

2ª) Parque Empresarial. Bonificación de ata o 95%

Construcións, instalacións ou obras executadas no Parque Empresarial de Rianxo declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

De 1 a 4 empregos: 20% De 11 a 25: 50% de 51 a 100: 75%

De 5 a 10 empregos: 35% de 26 a 50: 65% + de 100: 95%

3ª) - Rehabilitación de vivendas. Bonificación do 50%

A favor das obras de rehabilitación de vivendas tradicionais ou de singular valor arquitectónico ubicadas en solo clasificado como rústico ou núcleo rural, declaradas de especial interese sempre e cando o inmovible se destine a vivenda habitual durante un período mínimo de 5 anos desde o remate das obras.

4^{ao}) - Eliminación de barreiras arquitectónicas. Acceso e habitabilidade dos discapacitados. Bonificación do 75%: A favor das construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

A porcentaxe de bonificación establecida aplicarase sobre os gastos de execución material das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas que favorezan as condicións de accesibilidade e habitabilidade dos discapacitados. A petición terá carácter rogado.

A vicevoceira do grupo municipal do BNG, D^a. M^a Teresa Sobradelo Iglesias, di que o grupo do BNG aproba as modificacións propostas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo **APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-**

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5 REGULADORA SOBRE INCREMENTO DE VALOR DE TERREOS DE NATUREZA URBANA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<Co fin de minora-la carga impositiva das transmisións mortis causa de terreos e da constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio a favor de descendentes e adoptados, cónxuxes, ou ascendentes e adoptantes, se presenta esta medida de incremento da bonificación neste tipo de actos dun 55 por cen a un 75 por cen, que se enmarca dentro da política fiscal a adoptar polo goberno municipal no vindeiro exercizo 2015, baseada na minoración da presión fiscal.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Modificar o artigo 6º da ordenanza fiscal número reguladora do Imposto sobre Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo sexto

Terán a bonificación do 75% na cota, as transmisións de terreos, e a transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio, realizadas a título lucrativo a causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.”

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza dicindo que congratulase de que dean un paso na boa dirección porque é o Partido Popular é o que ven defendendo desde fai moito tempo, a necesidade de facer rebaixas de impostos para reactivar a actividade económica. Neste sentido hai que lembrar que as bonificacións que se introducen nestas ordenanzas son posibles gracias as reformas introducidas polo Partido Popular a nivel nacional tanto na Lei de Facendas Locais do 2012 como posteriormente noutras normas no ano 2013. No mesmo sentido o que si temos que pedirlle é que o Concello de Rianxo adecúe os seus gastos aos ingresos reais, é dicir, adoptar medidas de disciplina económica para que a baixada dos ingresos non afecte a necesaria estabilidade das contas públicas. Polo tanto o voto do PP ás tres propostas vai ser favorable.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que os herdeiros directos poderán acceder a esta bonificación do 75%.

A vicevoceira do grupo municipal do BNG, D^a. M^a Teresa Sobradelo Iglesias, di que o grupo do BNG aproba as modificacións propostas.

O alcalde di que nesta ordenanza unha vez mais, o concello vese limitado na marxe de maniobra para poder exercer a súa potestade tributaria.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-**

Levántase a sesión ás 20:39 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo